

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da *Constitución Española*, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 15 a 19 e 20 e 58 do *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por licencias urbanísticas, que rexerase pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalación ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de “comunicación previa” ou “declaración responsable”.
2. Constitúe feito imponible desta taxa as actividades técnicas e administrativas conducentes á declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita.
3. Igualmente constitúe feito imponible desta taxa a prestación doutros servizos urbanísticos relacionados nesta Ordenanza.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos e responsables

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os construtores e contratistas das obras.

Artigo 4.- Responsables

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 5.- Supostos de non suxeición

Non estarán suxeitos a obriga de contribuír os titulares de licenzas para branqueo, pintado ou reboco de exteriores, cerramentos con elementos vexetais e con elementos non opacos.

Non estarán suxeitos ó pago de taxas de licenza de pozos e fosas sépticas emprazados en zonas sen servizo municipal de auga e rede de sumidoiros, respectivamente.

Artigo 6.- Exencións e Bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 7.- Base imponible.

1. Constitúe a base imponible da taxa:

- a) O custo real e efectivo da obra, tanto de movementos de terra, coma obras de nova planta, demolicións de construcións, modificacións de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes, instalacións, rehabilitacións ou reformas de todo tipo.
- b) A superficie da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira ocupación, utilización, apertura ou posta en marcha de actividades dos edificios e da modificación do uso dos mesmos.
- c) A superficie dos carteis, cando se trate de carteis de propaganda colocados en forma visíbel dende a vía pública.

- d) No caso de actividades descritas no apartado 2 do artigo 2 a base imponible será igual ó presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.
- e) Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no artigo 8.

No suposto sinalado na letra a) determinarase a base imponible en función de:

- a) O orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo for visado polo colexio oficial correspondente cando isto constitúa un requisito preceptivo.
- b) Noutro caso, os módulos sinalados no anexo desta Ordenanza. O valor así calculado terá en todo caso o carácter de mínimo.

Artigo 8.- Cota tributaria

1. A cota tributaria, nos supostos 1.a) e d) do artigo anterior, resultará de aplicarlle á base imponible un tipo de gravame do 0,5%.
2. Cando da aplicación da regra anterior non se alcance unha cota tributaria de 20,00 €, esixirase esa cantidade co carácter de mínimo.
3. No suposto do apartado 1.b) do artigo anterior, a cota tributaria resultará da aplicación da seguinte escala en función da superficie:
 - a) Ata 150 m² 52,30 € por vivenda, local ou instalación.
 - b) De 151 a 300 m² 103,50 € por vivenda, local ou instalación.
 - c) De 301 a 600 m² 207,00 € por vivenda, local ou instalación.
 - d) De 601 a 1200 m² 424,90 € por vivenda, local ou instalación.
 - e) Por cada 100 m² ou superficie inferior que excedan de 1200 m² o importe será de 32,68 €.
4. No suposto 1.c) do artigo anterior, a cota tributaria será de 10,90 € por cada m² de superficie do cartel.

5. Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela resultante, incluída a de cesión se a houbera: 40,00 €

6. A presentación dun proxecto de execución ou a modificación dun proxecto básico ou de execución de obras maiores, así como o cambio de titularidade das licenzas xa concedidas, producirá en todo caso unha cota fixa de 160,00 €

No caso de que o dito proxecto de execución ou de modificación de proxecto básico ou de execución de obras maiores supoña incremento de custo respecto do inicialmente declarado tributará ademais seguindo as directrices do apartado 1º deste artigo.

7. Nos supostos de transmisión da titularidade das licenzas de actividade e/ou apertura, así como da titularidade das actividades suxeitas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa, aplicarase o 60% das cotas tributarias establecidas no apartado 3 deste artigo en función da superficie.

8. Solicitud de prórroga da licenza: 45,00 €

9. Solicitud de declaración de ruína: 110,00 €

10. Emisión de Informes urbanísticos: 22,00 €

11. Autorizacións previas en solo rústico (anuncios preceptivos aparte): 70,00 €

12. Instalación de actividades que requiran a tramitación de autorizacións sectoriais por motivo da súa incidencia sobre a protección do medio ambiente, seguridade ou saúde pública (anuncios preceptivos aparte): 70,00 €

Artigo 9.- Devengo

1. Devengase a taxa cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza.

3. Cando a renuncia ou desistencia do contribuínte se realice con anterioridade ao inicio das actuacións por parte do Servizo con competencias urbanísticas, determinarase a devolución do 50% do importe da taxa.

No caso de iniciarse os citados trámites non procederá devolución ningunha. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do citado Servizo con competencias urbanísticas.

Artigo 10.- Normas de xestión

1. A taxa esixirase en réxime de depósito previo do seu importe total, de acordo co exposto no art.26.1.a) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, o depósito satisfarase antes da presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística. Non se iniciará a tramitación de expediente ningún sen que o solicitante acompañe ao proxecto presentado xustificante de ter efectuado o depósito.

2. As persoas interesadas na solicitude dunha licenza urbanística presentarán a correspondente autoliquidación, acompañarán os documentos que acrediten a identidade do contribuínte, a titularidade do inmovible e as actuacións que se levarán a cabo sobre o mesmo, ademais de efectuar o seu ingreso. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais. Así no Rexistro Xeral, presentarán xuntamente coa súa solicitude de licenza, o xustificante bancario do ingreso efectuado.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza se modificase ou ampliase o proxecto, deberá presentarse unha nova autoliquidación, acompañando xustificante bancario do seu ingreso ao novo orzamento ou ao reformado.

4. Cando se trate das obras e actos aos que se refira o artigo 5.1.a), b) e c) o servizo de inspección tributaria poderá comprobar en calquera intre que o orzamento declarado polo solicitante non é inferior ao que resultaría de calcularse en base aos módulos contemplados no anexo desta Ordenanza, así como á superficie da vivenda ou dos carteis no seu caso. Á vista do resultado de tal comprobación, o servizo practicará liquidación pola diferenza entre o valor comprobado e o declarado que procedese no caso de observarse diferenzas entre ambos valores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente **Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos** derroga a Ordenanza Reguladora da Taxa por Licenzas urbanísticas e a Ordenanza Reguladora da Taxa por Licenza de apertura de establecementos, así como as disposicións de calquera outra ordenanza fiscal municipal que a contradigan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobose polo Pleno da Corporación na súa sesión do día de Outubro de 2013, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ANEXO

LISTADO DE MÓDULOS E PREZOS MÍNIMOS

OBRAS MENORES

1. m ² Reposición cuberta	14,40 €
2. m ² Limpeza paredes de pedra	2,41 €
3. m ² Reposición cristais	9,60 €
4. m ² substitución carpintería	38,40 €
5. m ² Sollado de terrazo	9,60 €
6. m ² Sollado de cemento	4,80 €
7. m ² Sollado de parqué	14,40 €
8. m. Rodapé	1,90 €
9. m ² Encintado	0,90 €
10. ud. Porta madeira	62,50 €

11. m ² Pintura	1,90 €
12. m ² Azulexado	9,60 €
13. m ² Reboque	5,70 €
14. m ² Falso teito	8,10 €
15. m ² Mampara	43,20 €
16. m ² Impermeabilización	3,30 €
17. m. Baixante	8,40 €
18. m ² Cámara de aire	9,60 €
19. m ² Reixas de seguridade	48,00 €
20. m ² Picar cales	2,40 €
21. m ³ Limpeza ou roza de terreos	1,40 €
22. m ³ Escavación	2,60 €
23. ud. Punto luz, enchufe	11,50 €
24. ud. Fosa séptica	269,20 €
25. ud. Pozo auga	721,20 €
26. ud. Lápida	144,20 €
27. Instalación aparatos sanitarios c/u	57,70 €
28. m ² Construción escaleira	28,80 €
29. m ² Apertura de oco	4,80 €
30. m ² Toldo	48,00 €
31. m ² Marquesiña	144,20 €
32. m. Cala	24,00 €
33. ud. Entrada carruaxes	14,40 €
34. m ² Rótulo opaco saínte	209,00 €
35. m ² Carteleira publicitaria	21,60 €
36. ml. Peche de aramado con postes	16,80 €
37. ml. Peche de bloques de formigón	12,00 €
38. ml. Peche de pedra	36,00 €

XENÉRICOS

39. m ³ Muro contención	100,90 €
40. ud. Instalación grúa	480,00 €
41. m ² Construción cuarto de baño	240,40 €
42. m ² Construción de galpón	24,00 €
43. m ² Demolición de muros	38,40 €
44. m ² Pequenas Demolicións	5,20 €
45. ud Reforma fontanería de unha dependencia	180,00 €

46. ud Reforma fontanería de toda a vivenda	1200 €
47. ud Reforma eléctrica de unha dependencia	170 €
48. ud Reforma eléctrica de toda a vivenda	1040 €